



## TÍTULO VI NORMAS TRIBUTARIAS



---

## VII. TÍTULO VI NORMAS TRIBUTARIAS

### **CAPÍTULO I** *Tributos propios*

#### **Artigo 62.-** *Criterios de afectación de determinados tributos*

Un.- A totalidade dos ingresos previstos polo imposto sobre o dano ambiental causado por determinados usos e aproveitamentos da auga embalsada, establecido pola Lei 15/2008, do 19 de decembro, financiará actuacións comprendidas nos programas 541B, 541D e 551B, en concreto os gastos de investimento destinados ao saneamento, protección e mellora do medio natural, así como a realización de transferencias para levar a cabo obras e servizos hidráulicos.

Dous.- A metade da dotación anual, que cos recursos do canon eólico, corresponde ao Fondo de Compensación Ambiental, establecido pola Lei 8/2009, do 22 de decembro, financiará os gastos de investimento consignados nos programas 541B, 541E e 551B do estado de gastos.

